

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 48415 (10/CPC-000102)  
Do Sr. director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, por petición propia, para informar sobre a situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 42322 (10/POC-006602)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e o cumprimento do Goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019*
- 2.2 47872 (10/POC-007606)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre as declaracións do presidente dun partido político referidas á proposta de blindaxe fiscal do aforro para favorecer, mediante a baixa de impostos, o emprendemento e a creación de riqueza por parte da sociedade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 2.3 48074 (10/POC-007641)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Puy Fraga, Pedro e 6 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos no informe do Ministerio de Facenda correspondente ao mes de decembro de 2018, referidos aos prazos de pagamento aos provedores e á débeda comercial das comunidades autónomas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*
- 2.4 48214 (10/POC-007659)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia  
Sobre as razóns dos resultados referidos a Galicia reflectidos no informe da fundación COTEC denominado "Mapa do talento", as da falta de



innovación das empresas e as do desaxuste entre a I+D e a innovación, así como respecto dos plans desenvolvidos pola Xunta de Galicia ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

Abel Fermín  
Losada Álvarez

Firmato digitalmente da Abel Fermín  
Losada Álvarez  
ND: cn=Abel Fermín Losada Álvarez,  
email=abel.fermin.losada.alvarez@parl  
amentodegalicia.gal  
Data: 2019.04.08 14:24:30 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/04/2019 14:24:30

